

ESQUEMA DA UNIDADE DIDÁCTICA 11

A LITERATURA CLÁSICA: XÉNEROS E AUTORES

11.1. A poesía épica

11.1.1. Homero: a *Ilíada* e a *Odisea*

11.1.2. Virxilio: a *Eneida*

11.2. A poesía lírica

11.2.1. Safo: Poema 4

11.2.2. Horacio: *Carpe diem*

11.3. O teatro

11.3.1. Sófocles: *Edipo rei*

11.3.2. Plauto: *O soldado facheiro*

NOTAS E ACTIVIDADES

1. Nas seguintes páxinas imos ler fragmentos de varias obras e autores gregos e romanos. Cómpre que a lectura sexa repousada para comprender o mellor posible os textos, e que pensem en algúns dos seus trazos nos resultan familiares.

HOMERO; *Ilíada*, Canto XVI, vv. 818-final

Pero cando Héctor viu como o animoso Patroclo se retiraba, alcanzouno, atravesándolle coa lanza a parte inferior do ventre, e facéndolle saír a punta polas costas. Ó caer con estrépito, provocou unha gran tristura entre os aqueos. Como o león acosa na loita o indómito xabarín cando os dous pelexan arrogantes na cima dun monte por un escaso manancial onde queren beber, e o león vence coa súa forza o xabarín, que respira ansioso, así Héctor, fillo de Príamo, privou da vida, feríndoo de preto coa lanza, ó esforzado fillo de Menecio, que a tantos dera morte. E, presumindo do triunfo, dixo estas aladas palabras:

-Patroclo! Sen dúbida esperabas destruír a nosa cidade, facer cautivas ás mulleres troianas e levalas nos teus barcos á túa patria. Insensato! Os veloces cabalos de Héctor voan ó combate para defendelas; e eu, que en manexar a lanza sobresaio entre os belicosos troianos, aparte dos meus o día da escravitude, mentres que a ti hante comer os voitres. Ah, infeliz! Nin Aquiles, con ser valente, te axudou. Cando saíches das naves, onde el quedou, debeu facerte moitas recomendacións, e falarte deste xeito: «Non volvas ás cóncavas naves, cabaleiro Patroclo, antes de romper a coiraza que envolve o peito de

Héctor, matador de homes, tinguida de sangue». Así falou, sen dúbida; e ti, parvo, deixácheste persuadir.

Con voz lánquida respondécheslle, cabaleiro Patroclo:

-Héctor! Presume agora con fachendosas palabras, xa que te deron a vitoria Zeus, fillo de Crono, e Apolo; eles vencéronme doadamente, quitándome a armadura dos ombros. Se vinte guerreiros coma ti me fixesen fronte, todos morrerían vencidos pola miña lanza. Matáronme a parca funesta e o fillo de Leto, e, entre os homes, Euforbo, e ti chegas o terceiro, para me quitar as armas. Vouche dicir outra cousa, que fixarás na túa memoria. Tampouco ti has vivir longo tempo, pois a morte e a cruel parca están xa preto de ti, e sucumbirás a mans do ilustre Aquiles, descendente de Éaco.

Apenas rematou de falar, a morte cubriuno co seu manto: a alma saíu voando dos seus membros e descendeu ó Hades, chorando a súa sorte porque deixaba un corpo vizoso e novo. E o ilustre Héctor díxolle, aínda que o vía xa morto:

-Patroclo! Por que me profetizas unha morte terrible? Quen sabe se Aquiles, fillo de Tetis, a de fermosa cabeleira, non perderá antes a vida, ferido pola miña lanza?

Ditas estas palabras, puxo un pé sobre o cadáver, arrincou a lanza de bronce e deitouno de costas. Axiña encamiñouse, lanza en man, cara a Automedonte, o maxestoso servidor do descendente de Éaco, de pés lixeiros, pois desexaba ferilo, mais os veloces cabalos inmortais, que os deuses lle deran a Peleo como espléndido agasallo, xa o estaban a sacar da batalla.

VIRXILIO MARÓN, P.; *Eneida*, Libro II, 3-13; 735-740

-Ordénasme, raíña, revivir unha horrenda dor: o xeito como os dánaos acabaron coa riqueza e o reino, digno de mágoa, dos troianos; e os máis tráxicos feitos, que eu mesmo vin e nos que tiveron parte importante. Quen, ó falar de tales feitos dos mirmidóns, ou dos dólopes, ou mesmo que soldado do duro Ulises frearía as súas bágoas? Xa se nos bota enriba a úmida noite, e o declinar das estrelas convida ó sono. Mais se tanta é a túa ansia de coñecer os nosos infortunios e escoitar en poucas palabras as derradeiras fatigas de Troia, por máis que o meu ánimo sinte arrepíos ó lembralo e se encolle de tristeza, vou principiar.

[...]

»Entón, alarmado como eu estaba, non sei que divindade, nada amiga, se apoderou do meu confuso pensamento: pois mentres liscaba dos camiños que me eran coñecidos e seguía a andar sen rumbo determinado, aí!, a miña esposa Creúsa quedou atrás. Non sei se me foi arrincada por un tráxico destino, ou se ela errou o camiño, ou ben se deu en sentar, extenuada. E xa nunca máis os meus ollos a volveron ver.

SAFO DE LESBOS; *Poema 4*

Paréceme o igual dun deus, o home
que fronte a ti senta, e tan de preto
escoita como lle falas con dozura
e lle ris con amor.

Iso, e non minto, fai brincar
o meu corazón no peito. Pois cando
te miro un só intre, xa non podo
dicir nin palabra.

Conxélaseme a lingua, e un sutil
lume comeza a recorrer a miña pel,
nada ven os meus ollos, zóame
o oído, e unha suor
cóbreme, e un tremor axita
todo o meu corpo, e estou pálida,
máis ca a herba, e sinto que pouco
me falta para morrer.

HORACIO FLACO, Q.; *Odas*, I, 11

Non preguntes (pois nefasto é sabelo) que final me teñen ou
che teñen reservado os deuses, Leucónoe, nin confíes nos
horóscopos. Énos moito mellor aturar o que nos veña.
Talvez nos queden moitos invernos, ou talvez Xúpiter acaba
de decretar o derradeiro que perde xa forza contra as rochas do
mar Tirreno: bebe, sirve viño e desbota longas esperanzas
para un tempo breve. Mentres falamos, a malvada vida está
a fuxir: aproveita o día, sen confiases para nada no mañá.

SÓFOCLES; *Edipo rei*, vv. 1181-1195; 1124-1227; 1232-1237; 1286-1287; 1349-1355

EDIPO: Ai, aí!, A verdade descubriuse. Ah, luz! Por derradeira vez vente
os meus ollos! Xa é sabido: nacín de quen non debera; con quen non debera
casei, e matei a quen menos debía.

(Entra no palacio)

CORO: Ouh, xeracións dos mortais! Como non vou considerarvos máis
ca sombras? Quen é o mortal que alcanza unha felicidade máis ca aparente e
non está condenado ó nada? O teu destino, infeliz Edipo, impúlsame a non
chamar feliz a nada na Terra. [...]

MENSAXEIRO (saíndo do palacio): Que cousas ides oír! Que espectáculo
ides ver! Que pena vos vai envolver, príncipes ou poderosos desta terra, se é
que aínda vos afectan os asuntos da familia de Lábdaco! [...]

CORIFEO: Ás calamidades que xa coñeciamos non lles faltaba nada para
ser dignas de toda lamentación. Que tes que engadir a elas?

MENSAXEIRO: Poucas palabras abundan para dicir e entender todo: morreu a divina Iocasta.

CORO: Malpocada! Quen a matou?

MENSAXEIRO: Ela, ela a si mesma! [...]

CORIFEO: Está xa o desgraciado algo máis tranquilo?

MENSAXEIRO: Está berrando que lle abran as portas e que alguén lles amose ós tebanos o parricida.[...]

(Sae do palacio, cos ollos ensanguentados)

EDIPO: Maldito sexa, quenqueira que fose, o que no bosque quitou as cadeas dos meus pés, e así me librou da morte e me devolveu á vida! Maldito o favor que me fixo! Se eu estivese morto, hoxe non sería a tortura dos meus seres queridos e de min mesmo!

PLAUTO, T.M.; *O soldado facheiro*, vv. 1-78

ASALTATORRUS: Veña, a ver se deixades o meu escudo máis brillante ca o sol un día descuberto para que, cando chegue o momento de combater, deixo cegos a todo un batallón de inimigos. Agora voulle facer contiños a esta espada miña, para que non chore nin perda a valentía de tantas vacacións que ten. A pobriña debe estar desexando facer anacos uns cantos adversarios. Pero, onde está Engulepanis?

ENGULEPANIS: Aquí veño, canda ti, home valente, afortunado, que mesmo parece un rei. Como guerreiro, nin Marte se atrevería a comparar os seus poderes cos teus.

ASALTATORRUS: Non é ese a quen lle perdoei a vida no país de Farabundia, cando eu servía ás ordes do xeneral Victoriosibus Famosismus, sobriño de Neptuno?

ENGULEPANIS: Ben que o lembro. Aquele que gastaba armas de ouro, que ía á fronte dunhas lexións que espallaches dun sopro, como o vento fai coas follas ou cos papaventos.

ASALTATORRUS: Ah, pero iso non che é nada, ho.

ENGULEPANIS: Nada, se o comparamos con outros feitos teus que podo contar (e que nunca realizaches; se alguén viu un home máis mentireiro ou máis cheo de facheira ca este, ofrézome a ser o su escravo; de certo o único no que ten é que na súa casa hai unhas olivas espléndidas).

ASALTATORRUS: Onde andas?

ENGULEPANIS: Aquí, aquí. Coiro! Como aquel elefante na India, que lle partiches unha pata dunha trompada.

ASALTATORRUS (indignado): Como que unha pata?

ENGULEPANIS: As catro, quixen dicir as catro!

ASALTATORRUS (sorrindo): E sen esforzo.

ENGULEPANIS: Carallo! É que se te chegas a esforzar un pouco, deixábalo, á parte de sen pata, sen pel, e sen vísceras.

ASALTATORRUS (con falsa modestia): Bah, deixemos o tema...

ENGULEPANIS: Si ho, non precisas contarme as túas fazañas: coñézoas ben. (Vaia miserias que teño que pasar para comer! Para non perder os dentes teño que prestarlle os meus oídos, e haille que dicir que si a todas as mentiras).

ASALTATORRUS: Non sei que che quería dicir...

ENGULEPANIS: Eeh, si ho, xa me lembro! ¡Si que foi como dis, carallo!

ASALTATORRUS: O que?

ENGULEPANIS: O que sexa!

ASALTATORRUS: Ti tes...

ENGULEPANIS: Queres unhas táboas de escribir?. Teño, e tamén punzón.

ASALTATORRUS: Que ben me les o pensamento!

ENGULEPANIS: É o meu traballo: coñecer ben os teus hábitos e ulir desde lonxe calquera cousa que desexes.

ASALTATORRUS: Lémbraste...?

ENGULEPANIS: Lembro: 150 en Asia Menor, 100 no Mar Negro, 30 en Siria e 60 en Grecia. Todos no mesmo día.

ASALTATORRUS: Canto dá a suma?

ENGULEPANIS: 7.000

ASALTATORRUS: E serán, claro. Debes ter razón.

ENGULEPANIS: Pois non o tiña escrito: sumei de memoria.

ASALTATORRUS: Pero si tes unha memoria caralluda!

ENGULEPANIS: (A comida aliméntama)

ASALTATORRUS: Sigue así, e has comer todos os días ó meu carón.

ENGULEPANIS: Ah, mágoa de Persia, onde, se non se che crebase a espada, matarías 500 dun golpe!

ASALTATORRUS: Bah! Perdoeilles a vida: non eran máis que infantaría barata.

ENGULEPANIS: Para que ía eu dicir o que todos saben: que Asaltatorrus é único no mundo polo seu valor, invicto en feitos e beleza? Ámante todas as mulleres, e cómo non, xa que estás tan bo. Por exemplo, aquelas que onte me tocaron a capa.

ASALTATORRUS (moi interesado): Que che dixeron?

ENGULEPANIS: Preguntábanme: “Non é ese Aquiles?” E eu: “Non, é o irmán!” E a outra: “Carallo, que bo está! E como viste! Vaia pelo! ¡Quen o metese na cama!”

ASALTATORRUS (rindo) Iso dicían?

ENGULEPANIS: Pero se me pediron que te levase hoxe pasear pola rúa onde viven!

ASALTATORRUS: Que desgraza para un home estar tan cachondo!

ENGULEPANIS: E tanto! As tías foron pesadas: insisten, búscante, suplican verte, existen que te leve onda elas, e así non poden atender ós teus asuntos.

ASALTATORRUS: Parece que é hora de ir ó centro, para darlles a paga ós camándulas que alistei onte. [...]

ENGULEPANIS: Pois vamos logo.

ASALTATORRUS: Seguídeme, gardas!

PARA LEMBRAR

1. Despois de realizar a lectura comprensiva dos textos, deberás ser capaz de describir os seus trazos de maneira oral.

2. Tamén terás que reter os autores e obras mencionados na presentación *A literatura grega e romana*, xunto coas súas características literarias.

